

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA AS ACTUACIÓNS DA CUARTA CAMPAÑA DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA NO XACEMENTO DE TRALOCASTRO (GA15036002) (SAN XOÁN DE ESMELLE, FERROL). CAMPAÑA 2026.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don José López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, don Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, e domicilio na Calle Agra de los Mallos, 11, 15007, A Coruña, que actúa en nome e representación da Universidade da Coruña, en virtude das facultades que lle confire a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, o Decreto 101/2004, de 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro polo que se regulan os estatutos da Universidade da Coruña.

Ambas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, de 4 de maio, del patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: a Universidade da Coruña (UDC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Terceiro: En setembro de 2022 a Universidade da Coruña e o Concello de Ferrol asinaron un convenio para a creación dunha Cátedra institucional vinculada ao ámbito da arqueoloxía e da educación no patrimonio cultural. A "Cátedra de Arqueoloxía e Educación Patrimonial" ten a súa sede na Facultade de Humanidades e Documentación

do campus de Ferrol (Universidade da Coruña), baixo a dirección de Juan Luis Montero Fenollós, profesor titular de Historia Antiga. A presente Cátedra nace coa vontade de servizo público para contribuír a mellorar a vinculación e o diálogo entre a cidadanía, a universidade e o patrimonio arqueolóxico a través da investigación, da formación, da valorización, da difusión e da innovación educativa.

Un dos obxectivos da Cátedra é a escavación e valorización do Castro de Tralocastro, localizado na parroquia de San Xoán de Esmelle, ao Norte do concello de Ferrol, nun pequeno outeiro de 120 m de altura. O castro defínese por un primeiro recinto central que artella varias liñas de defensa situadas en torno a el, cunha extensión total de 2 hectáreas. Conta con tres liñas de defensa, con excepción da súa área NW, na que soamente se documentan dúas. Na banda E, a máis fortificada, destaca a posible presenza de varias áreas de acceso que, dende unha análise superficial, se suceden de xeito consecutivo. Non se descarta que poida existir un segundo acceso exterior na banda N-NE.

Nos últimos anos leváronse a cabo no xacemento as seguintes intervencións arqueolóxicas:

- 2023. Escavación arqueolóxica no Castro de Tralocastro (San Xoán de Esmelle, Ferrol).
- 2024. Escavación arqueolóxica no Castro de Tralocastro (San Xoán de Esmelle, Ferrol).
- 2024. Control arqueolóxico de corta e limpeza das parcelas 2823 e 2871 do polígono 501.
- 2025. Terceira campaña de escavación (Convenio Universidade da Coruña-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).

A Cátedra pretende converter este castro nun "xacemento-escola" para formar as futuras xeracións de arqueólogos/as de Galicia no marco dun proxecto universitario de investigación, formación (teórica e práctica) e valorización do patrimonio arqueolóxico no municipio de Ferrol. A xestión da escola de prácticas recaerá no Grupo de Investigación Interdisciplinar de Patrimonio Cultural e Xeolóxico (CulXeo) da Universidade da Coruña.

A intervención de 2023 permitiu identificar un total de tres fases de ocupación. A primeira fase correspóndese coa primeira ocupación do xacemento, representada por unha estrutura de planta aparentemente ovalada con esquinas redondeadas (malia que descoñecemos o seu final) construída por un paramento de cachotería granítica con argamasa de barro e cal (UE004). Nalgúns puntos, os muros desta construción conservan case 2 m de altura. Esta estrutura contaba cun pavimento de terra pisada e un tellado de lousa.

A Fase 2 correspóndese cun segundo momento de ocupación, relacionado cun proceso de reforma da fase anterior. Foi identificado un muro de notable grosor (case 1 m) e de carácter tosco, con cachotes trabados a pedra seca, que acaroa na estrutura UE004. Está cuberto por un potente nivel de recheo (UE017) e, á súa vez, parece acaroar tamén na estrutura UE027, orientado en dirección SW-NE, quizais deixando entrever un conxunto de certa monumentalidade.

En termos cronolóxicos, a mostra tomada na UE017 encadra o proceso de construción e reformulación do castro, vinculado coa Fase 2, entre os s. IV-II a.C., en plena Idade do Ferro. Este feito salienta, á súa vez, que as construcións da Fase 1 son necesariamente anteriores a este período.

Finalmente, a Fase 3 debe relacionarse cun proceso posterior á conquista romana. Defínese por unha serie de estruturas que amortiza por completo as construcións de fases anteriores. No referido ás cronoloxías, a outra mostra datada, relacionada cun nivel de uso da UE006, permite situar o conxunto desta fase en torno ao cambio de era ou a comezos dos primeiros anos do I d.C., atendendo aos datos do rexistro material e á presenza de construcións con esquinas aristadas.

Na campaña 2025, levada a cabo no marco dun convenio entre a Universidade da Coruña e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Língua e Xuventude, a intervención centrouse novamente, na zona da gran estancia colectiva escavada en anteriores intervencións, co obxectivo de exhumala por completo e comprender a súa secuencia ocupacional. Tamén se realizou unha primeira intervención na estrutura circular documentada na croa, que foi completamente escavada en planta. A intervención arqueolóxica implicou unha superficie escavada de aproximadamente 140m², así como a realización de traballos de prospección xeofísica, consolidación de estruturas e valorización do patrimonio.

A nivel arqueolóxico, no sistema de acceso, constatouse unha secuencia arqueolóxica dividida en tres fases de ocupación.

Fase 1: construción dunha gran estrutura de carácter colectivo (S. IV a.C.).

Fase 2: vinculada cun momento de reforma significativa do espazo. Posible construción dunha segunda liña de muralla, dando paso á edificación dun sistema defensivo e un pavimento empedrado de acceso (S. III e I a.C.).

Fase 3: momento de ocupación posterior ao abandono das estruturas que compoñen o sistema de acceso (torreón, corpo de garda, pavimento, sistema de acceso)

Cuarto: Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento de Tralocastro, dende a Cátedra de Arqueoloxía e Educación Patrimonial propónse unha campaña de actuación a executar no verán de 2026, cos seguintes obxectivos:

- Comprender a ocupación relacionada coa monumentalización construtiva do xacemento, centrándose nas estruturas do sistema de acceso á croa.
- Establecer estratexias de restauración e consolidación do xacemento que continúen coa conservación e patrimonialización do xacemento.
- Garantir a accesibilidade ao castro a través dunha zona de tránsito pública, acondicionada e apta para todos os públicos.

Os traballos previstos consistirán nas seguintes actuacións:

1 ACCESIBILIDADE

Os traballos de accesibilidade implicarán tarefas de limpeza vexetal con maquinaria de uso manual. Isto implica a roza de restos vexetais e arbustivos como a eventual tala de árbores que enraícen ou obstaculicen o tránsito polo camiño.

2 ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA EN ÁREA

A fase de escavación arqueolóxica pretende continuar cos traballos desenvolvidos en anteriores campañas. Para iso, conta con dúas zonas de actuación, cos seus respectivos obxectivos.

- Sistema de acceso ao castro (sector 1):
 - Definir as características dese sistema de acceso e comprender a estratexia de monumentalización das entradas e de estruturación urbana do poboado.
 - Complementar a información estratigráfica obtida en anteriores fases sobre a secuencia ocupacional da estrutura colectiva con novas interpretacións sobre as súas fases iniciais de ocupación.
 - Comprender a relación da estrutura colectiva coa paisaxes circundante e co resto de construcións documentadas na contorna.
- Estruturas situadas ao sur da croa (sector 3):
 - Realizar unha primeira aproximación arqueolóxica e comprender a funcionalidade orixinal e a secuencia ocupacional deste espazo. Dada a súa localización e aparente posición estratigráfica perceptible en superficie, partimos de dúas hipóteses principais: o seu uso como parte dunha estrutura de uso tardío con respecto ao documentado no sistema de acceso principal ou unha estrutura de acceso secundaria.
 - Establecer unha primeira valoración en termos de estado de conservación, co obxectivo de integrar este espazo en posteriores estratexias de restauración e valorización.

A proposta da campaña de 2026 pretende levar a cabo traballos de limpeza e axeitamento das estruturas previamente exhumados polas escavacións furtivas, ao tempo que propón unha intervención arqueolóxica en área que permita comprender este espazo de forma conxunta para acadas os obxectivos previamente definidos.

Por todo isto, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexirá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña, para a realización de **actuacións da cuarta campaña de escavación arqueolóxica no xacemento arqueolóxico de Tralocastro, San Xoán de Esmelle, Ferrol, campaña 2026.**

De acordo co artigo 26 de la Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que a Universidade da Coruña é a única entidade promotora deste proxecto, actuación que se encadra dentro da liña de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego, ao tempo que se considera de interese social a realización da mesma, xa que dada a transcendencia histórica e documental deste xacemento nas investigacións arqueolóxicas realizadas polo equipo de investigación da UDC, está considerado coma un elemento único e excepcional en Galicia, o que fai que sexa de interese a investigación que se pretende realizar. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe medidas para a conservación do patrimonio arqueolóxico, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Segunda: achega económica

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia contribuirá con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.433A.744.0 (CP 2015 00332) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, **cunha achega máxima de 30.000,00 €** na anualidade de 2026, en base ao seguinte detalle:

ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADE E TIPOLOXÍA DE GASTO

CONCEPTO	PREZO (EUROS)
Redacción e tramitación	1.200,00 €

Equipo técnico destinado a realizar traballos arqueolóxicos	12.586,40 €
Redacción e tramitación da memoria	3.250,00 €
Estudo e xestión de materiais arqueolóxicos, incluída a súa sigla e depósito no museo de referencia e investigación científica asociada	2.470,00 €
Infraestruturas, materiais, ferramentas, funxibles	1.600,00 €
Equipo destinado a realizar os traballos de consolidación, restauración e accesibilidade	13.254,44 €
Material de construción destinado á consolidación e restauración	1.630,00 €
Datacións absolutas	1.200,00 €
BASE IMPOÑIBLE	37.190,84 €
IVE (21%)	7.810,08 €
TOTAL	45.000,91 €

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado neste anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Terceira: obrigas do beneficiario

- 1.- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- 2.- Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.
- 3.- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia os informes e as autorizacións preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- 4.- O beneficiario consente expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.
- 5.- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora. Así mesmo, o beneficiario debe dar a adecuada publicidade e información de que as actuacións están subvencionadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en particular, nas

medidas de información e comunicación (cartel informativo).

6.- Despois de asinar o convenio, a UDC, Departamento de Historia, terá que presentar un proxecto arqueolóxico onde se contemplen as actuacións propostas para que as autorice a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. O proxecto arqueolóxico deberá cumprir co disposto no Decreto 199/1997 que regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia e a Lei 5/2016, de 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Para a xustificación do seu cumprimento será necesario a presentación dun informe valorativo da intervención, no que deberá constar un inventario preliminar dos materiais arqueolóxicos exhumados e das mostras recollidas, coa data límite do 30 de novembro de 2026.

Cuarta: comisión paritaria.

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación das inversións.

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 de la Lei de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao final do período de vixencia do convenio.

Documentación que ten que presentar o beneficiario: para a percepción da axuda será necesario presentar, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- 1.- Certificación detallada dos gastos, expedida pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- 2.- Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (Anexo I).
- 3.- Declaración responsable do órgano competente da entidade, de estar al día no cumprimento dos deberes tributarios ou fronte á la Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da

Comunidade Autónoma. Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (Anexo II).

4.- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (Anexo III).

5.- Informe ou memoria sobre as actividades realizadas, onde se describan os resultados das actuacións arqueolóxicas, reflectindo o proceso do traballo seguido de acordo cos proxectos autorizados ou actividades obxecto do convenio.

En todo caso para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo para a xustificación das inversións coincidirá co período de vixencia do convenio.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>

Pago da subvención: realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o que foi concedida. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Efectos da falta de xustificación: a falta de xustificación das inversións dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobro total o parcial da subvención.

Sexta: facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non asume máis obriga que a de transferir a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscripción do presente convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.

Sétima: período de vixencia

A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o **30 de novembro de 2026**.

Oitava: notificación electrónica

Según el artículo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que teñan a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, de recibir notificacións electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar con un certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena: outros deberes do beneficiario

- 1.- Non alterar o destino da achega.
- 2.- Realizar a correspondente execución segundo o plan proxectado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- 3.- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- 4.- Efectuar a xustificación do gasto na forma preceptuada neste convenio.
- 5.- O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- 6.- Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de contas e ao Consello de Contas
- 7.- Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Décima: subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten un valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que

constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa. Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo segunda: publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarse á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira: Causas de resolución e modificación do convenio.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico: "Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos

obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, O Reitor da Universidade da Coruña,

José López Campos

Ricardo José Cao Abad,

ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓNS DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/

Dona _____

_____ con DNI _____, en nome e representación da

entidade _____,

con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que para a seguinte actuación_____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, ____, de_____de 2026.

ANEXO II

Don/Dña _____, con
DNI _____, en nome e representación da entidade
_____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/

Dna _____, con

DNI _____, en nome e representación da entidade _____

_____, con CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- IBAN (2 díxitos)
- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/

Dna _____, con

DNI _____, en nome e representación da entidade _____

_____, con CIF _____

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

(Lugar e data)